

## MOCIÓN SOBRE O REGULAMENTO PARA OS CONVENIOS COA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

PLENO 29 DECEMBRO 2016. ACTA 0022/2016

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal AER o día 22/04/2016 con número 5.325 que se transcribe a continuación:

“Ano tras ano, o Concello de Redondela ven outorgando diversas axudas económicas para a financiación de eventos, actividades e proxectos de interese xeral reguladas mediante convocatorias específicas. Estas axudas concédense habitualmente mediante unha convocatoria de subvencións á que se presentan os proxectos en concorrencia competitiva, existindo uns baremos específicos regulados nunhas bases, ou mediante a sinatura dun convenio coa administración local.

A posibilidade de optar a subscribir un convenio coa administración local non está na actualidade regulada e ben sendo o criterio da Concellería correspondente quen dirime as accións obxecto de convenio en función dun interese xeral para a veciñanza de Redondela. Estes convenios abranguen diversos ámbitos: social, deportivo, cultural, educativo, etc. e esencialmente concédense a entidades sen ánimo de lucro.

Dende AER consideramos que esta situación é inxusta e anacrónica pola inexistencia de igualdade de oportunidades, pola inexistencia dun regulamento claro do procedemento de como optar a estas axudas e por non dar cumprimento neste senso á tan demandada transparencia e obxectividade nos procedementos, cada vez máis reclamada pola veciñanza actual do concello de Redondela. Tampouco existe una comisión plural que avalíe que accións presentan un interese xeral suficiente para acadar a sinatura dun convenio de colaboración coa administración local.

Hai que salientar que dende AER non queremos por en dúbida que as entidades sen ánimo de lucro cuxos proxectos son actualmente beneficiarios de convenio co Concello de Redondela, sexan ou non merecedoras deste. Non obstante, a necesaria transparencia, igualdade de oportunidades e fiscalización dos recursos públicos fai necesario que se regule o procedemento de establecemento de convenios entre a administración local e terceiras persoas, tanto físicas como xurídicas.

Por estes motivos, e observando un baleiro importante neste senso, propoñemos o seguinte ACORDO:

**Elaboración dun regulamento que defina un procedemento xusto, universal, regulado e obxectivo para a canalización de propostas de convenios, a composición dunha comisión plural para a avaliación das propostas, o establecemento de criterios baremables que establezan o interese xeral, entre outros aspectos, todo isto de cara ao establecemento de convenios da administración local con terceiras persoas, tanto físicas como xurídicas.”**

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

*Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 12 votos a favor (6 do PS de G-PSOE, 4 de AER 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 en contra do PP.*